

BASES DO CONCURSO DO DÍA DO LIBRO 2022

A Biblioteca do IES Val do Asma convoca un concurso de carteis para conmemorar o Día do Libro nos seguintes termos:

1. A temática dos carteis xirará en torno á recreación dunha obra da literatura universal a través dun retrato ou autorretrato, buscando o enfoque modernizador da mesma, traendo o tema ó século XXI.
2. A técnica empregada para a realización do cartel será obrigatoriamente a fotográfica, se ben permitiranse os retoques dixitais. As obras deberán ser orixinais.
3. Poderá participar todo o alumnado do IES Val do Asma dende 3º da ESO que teña permiso de tratamento da súa imaxe.
4. Recolleranse os traballos en formato dixital no correo **ies.chantada@gmail.com** ata o día 18 de abril ás 24.00 horas. Calquera traballo enviado fora de dito prazo quedará fora de concurso.
5. O asunto do correo será: "Concurso carteis". No corpo da mensaxe deben constar:
 - Nome e apelidos do autor/a do cartel.
 - Curso do autor/a do cartel.
 - Título da obra literaria á que se refire.
6. Os premios consistirán en:
 - 1º premio: 50€
 - 2º premio: 30€Para vales en tenda de deportes.
7. O IES Val do Asma resérvase o dereito á publicación dos carteis participantes.
8. A participación no concurso implica a aceptación destas bases.